

## XEOGRAFÍA

*Primera pregunta.* Su valoración máxima es de 3 puntos: se requiere una breve definición utilizando términos geográficos.


*Segunda pregunta.* Su valoración máxima es de 3 puntos: se requiere el correcto análisis e interpretación del documento, a partir de los elementos cartografiados.

*Tercera pregunta.* Su valoración máxima es de 4 puntos: se valorará la organización y exposición de los contenidos.

1.-Defina brevemente los siguientes conceptos: *Efecto invernadero antrópico; Estiaje; Isobara; Gentrificación; Acuicultura; Comunidad Autónoma.*

2.- Atendiendo al documento, responda a las siguientes cuestiones:

- Identifique la figura y describa la información representada en la misma.
- Explique las características principales del paisaje vegetal relacionado con la figura.
- Justifique la variación de formaciones vegetales en función de la altitud y de la orientación que refleja la figura.



Fuente: *España en Mapas. Una síntesis geográfica.* IGN. 2018

(<http://www.ign.es/web/ign/portal/publicaciones-boletines-y-libros-digitales>)

3.-Desarrolle el tema: El turismo: La tipología de los modelos turísticos. Principales áreas turísticas españolas. Repercusión socioeconómica e impacto territorial.

## XEOGRAFÍA

*Primeira pregunta.* A súa valoración máxima é de 3 puntos: requírese unha breve definición empregando termos xeográficos.


*Segunda pregunta.* A súa valoración máxima é de 3 puntos: requírese a correcta análise e interpretación do documento, a partir dos elementos cartografados.

*Terceira pregunta.* A súa valoración máxima é de 4 puntos: valorarase a organización e exposición dos contidos.

1.- Defina brevemente os seguintes conceptos: *Efecto invernadoiro antrópico; Estiaxe; Isóbara; Xentrificación; Acuicultura; Comunidade Autónoma.*

2.- Atendendo ao documento, responda ás seguintes cuestións:

- Identifique a figura e describa a información representada na mesma.
- Explique as características principais da paisaxe vexetal relacionada coa figura.
- Xustifique a variación de formacións vexetais en función da altitude e da orientación que reflicte a figura.



Fonte: *España en Mapas. Una síntesis geográfica.* IGN. 2018

(<http://www.ign.es/web/ign/portal/publicaciones-boletines-y-libros-digitales>)

3.-Desenvolva o tema: O turismo: A tipoloxía dos modelos turísticos. Principais áreas turísticas españolas. Repercusión socioeconómica e impacto territorial.

## XEOGRAFÍA

### CRITERIOS DE CORRECCIÓN

#### 1.- Defina brevemente os seguintes conceptos: Efecto invernadoiro antrópico; Estiaxe; Isóbara; Xentrificación; Acuicultura; Comunidade Autónoma.

**Efecto invernadoiro antrópico:** Situación que se da no planeta de xeito natural pero que, nas últimas décadas, acentuouse pola actividade humana. A acumulación de emisións de gases procedentes da queima de combustibles fósiles xera unha capa que, como no teito dun invernadoiro, impide saír ao espazo o calor emitido pola terra e os océanos. Este calor acumúlase e favorece o quecemento global.

**Estiaxe:** Periodo durante o cal os ríos ou outras correntes de auga alcanzan o seu caudal máis baixo. A este nivel dásele o nivel 0 e, a partir del, mídese a altura das augas. En España, os estiaxes son especialmente acusados nos ríos mediterráneos da metade meridional da Península.

**Isóbara:** Liña imaxinaria que une os puntos da superficie terrestre que rexistran unha mesma presión atmosférica. Nos mapas do tempo, as isóbaras trázanse cada 4mbs. Cando o seu valor supera o da presión normal (1013mb) constitúen anticiclóns, cando se sitúa por baixo, borrascas.

**Xentrificación:** Proceso de transformación urbana no que a poboación orixinal dun sector ou barrio deteriorado e con pauperismo é progresivamente desprazada por outra dun maior nivel adquisitivo á vez que se renova. O termo é un neoloxismo que procede do inglés "gentrification".

**Acuicultura:** É o conxunto de actividades que, mediante algún tipo de intervención no ciclo biolóxico ou no medio no que habitan os peixes, permiten controlar a súa reprodución e/ou crecemento. É moi significativa en Galicia, e está restrinxida a un pequeno abano de especies, principalmente peixes, moluscos e crustáceos, en función da súa importancia económica e do desenvolvemento dunha tecnoloxía axeitada e limitada espacialmente á beiramar ou ás augas continentais.

**Comunidade Autónoma:** Entidade territorial que está dotada de goberno autónomo, con capacidades executivas, lexislativas e xudiciais establecidas nun Estatuto de Autonomía. A estrutura de España na Constitución de 1978 fixa a existencia de 17 CCAA, ás que se engadiron máis tarde 2 cidades autónomas (Ceuta e Melilla).

#### 2.- Atendendo ao documento, responda ás seguintes cuestións:

##### a) Identifique a figura e describa a información representada na mesma.

A figura é unha cliserie do Pico do Teide en Tenerife. Unha cliserie é un gráfico que representa a gradación da vexetación en función da altura e da orientación. No gráfico aparece representada unha montaña cun eixe vertical onde figura a altitude dende a base ata o seu cume, neste caso de 0 a 3.700 metros. Na montaña aparecen os debuxos recollidos na lenda das seis especies vexetais predominantes nos diferentes pisos (basal, intermedio, termocanario subhúmido, canario e supracanario) resaltados en distintas cores en función da súa altitude e da súa orientación norte ou sur. Trátase

## XEOGRAFÍA

dunha imaxe tomada da obra publicada polo IGN titulada España en mapas. Unha síntese xeográfica.

### **b) Explique as características principais da paisaxe vexetal relacionada coa figura.**

A vexetación das Illas Canarias é escasa e está adaptada a unha acusada aridez. Non obstante existe unha gran variedade de especies e numerosos endemismos produto da insularidade e do cruce de influencias europeas, africanas e suratlánticas. Os ventos, as correntes mariñas e a pronunciada pendente dos relevos crean unha secuencia vexetal escalonada en diversos pisos altitudinais.

### **c) Xustifique a variación de formacións vexetais en función da altitude e da orientación que reflicte a figura.**

A altitude e a influencia das correntes mariñas no clima condicionaron a formación de diversos pisos de vexetación, moi contrastados pola súa fisionomía e a composición florística. Destaca a laurisilva, un bosque singular con árbores de folla grande e perenne, desenvolvido grazas á presenza dun nivel de nubes, que achegan humidade elevada ao ambiente de maneira case permanente, e que se presenta neste caso na ladeira norte do Teide. A insularidade levou a existencia de numerosas plantas endémicas en todos os pisos.

Deste xeito pódense distinguir os seguintes tipos de vexetación:

- Ata os 500 m de altitude, predominan especies como a tabaiba e os cardóns, plantas xerófilas que se adaptan á seca desenvolvendo longas raíces ou talos carnosos e formación de espiñas.
- A partir dos 500 e ata os 1000 m de altitude, atópanse sabinas, acompañadas de acebuchais, palmerais e dragonais.
- Entre os 1000 e 1500 m, aparecen o bosque de laurisilva e o piñeiro canario, ambos, un tipo de flora autóctona de Canarias. Ambos son endemismos. A laurisilva é un denso bosque (composto por especies como o loureiro, til, etc.) formado en vales húmidos das Illas Canarias (sobre todo das occidentais). Fórmase grazas ás temperaturas cálidas e ao “mar de nubes” (xerado polos alisios que tropezan coa montaña) que xera precipitacións abundantes. O piñeiro canario adoita aparecer xunto ao bosque de laurisilva e mesmo por encima. É de rápido crecemento e apreciada madeira. Ademais, é o único piñeiro que unha vez cortado o tronco volve rebrotar. Por iso é moi aproveitado para repoboacións forestais.
- Entre os 1500 e os 2500 m, predomina o piñeiro canario formando bosques.
- A partir dos 2500 e ata os 3000 m, aparece a xesta, planta arbustiva, tipo matogueira de flores, en xeral amarelas que adoita servir para alimento do gando.
- A partir dos 3000 m. a vexetación arbustiva vai desaparecendo dando paso ás neves perpetuas.

3.-Desenvolva o tema: O turismo: A tipoloxía dos modelos turísticos. Principais áreas turísticas españolas. Repercusión socioeconómica e impacto territorial.

O turismo é un importante factor de transformación territorial, tanto pola súa capacidade para xerar novas paisaxes como para modificar as preexistentes. En

## XEOGRAFÍA

España existe hoxe unha gran variedade de tipos de turismo, cada un dos cales ten unha evolución específica e da orixe a paisaxes características.

Podemos mencionar as seguintes tipoloxías:

- Turismo litoral. É o hexemónico dende as orixes do fenómeno turístico polo predominio do turismo de sol e praia, concentrado no litoral mediterráneo peninsular (Costa Brava, Costa Dourada, Costa do Azahar, Costa do Sol, etc.), Baleares e Canarias. Agás este último caso, presenta unha elevada estacionalidade, ao concentrarse nos meses do verán, mentres descende o resto do ano. Nos litorais atlántico e cantábrico, a masificación é menor e máis recente.  
Os núcleos turísticos litorais presentan un elevado número de todo tipo de aloxamentos situados ao longo da liña de costa ou nas súas proximidades. Entre estes núcleos aparecen grandes urbanizacións de baixa densidade que ocupan extensas superficies e responden a importantes operacións inmobiliarias, onde aumenta a presenza de segundas residencias, propiedade dos turistas, nacionais ou estranxeiros.  
Este tipo de turismo enfróntase hai tempo a problemas de saturación, deterioro do medio ambiente e a competencia doutros destinos semellantes e máis baratos, o que obrigou a buscar formas de turismo alternativas
- Turismo de neve en áreas de montaña. Tamén ten bastante tradición o turismo nas estacións de esquí. O turismo de montaña vinculouse en principio ao excursionismo e alpinismo, pero o seu desenvolvemento produciuse hai catro décadas, ao popularizarse os deportes de neve. Na actualidade o Estado conta con preto de 40 estacións de esquí, con máis de 800 km de pistas balizadas, que reciben anualmente por riba dos 6 millóns de turistas e contan con máis de 120.000 prazas hoteleiras. A metade delas están no Perineos (Baqueira Beret, Formigal, Cerler, etc.) e o resto repártase polas principais cordilleiras: Cantábrica (San Isidro, Alto Campoo, etc.), Sistemas Central (Navacerrada, La Pinilla, etc.), Ibérico (Valdezaray, etc.) e Serra Nevada. As estacións de esquí encóntranse en áreas de gran valor paisaxístico, polo que é necesaria unha ordenación que evite o deterioro ambiental do entorno (impactos visuais, erosión de ladeiras, xestión de residuos, etc.)
- Turismo urbano: numerosas cidades convertéronse tamén en destinos moi valorados, fundamentalmente relacionado con dous tipos de turismo o cultural, asociado ao patrimonio histórico existente nalgúns núcleos urbanos, e o de negocios e congresos, asociados a reunións de traballo de empresas e grupos profesionais, polo xeral de alto nivel.
- Turismo rural. É unha das formas de turismo máis dinámicas nos últimos tempos. Supón o desprazamento de residentes urbanos, durante períodos curtos, cara aloxamentos xurdidos en moitos contornos rurais: pobos, casas rurais, hoteis, albergues, etc. Adoitan acompañarse doutras actividades: sendeirismo, turismo gastronómico, visitas ao patrimonio natural e cultural destas áreas, etc.

Os turistas que visitan España proceden na súa meirande parte doutros países de Europa Occidental, Reino Unido, Alemaña e Francia. Actualmente, tamén son

## XEOGRAFÍA

importantes procedencias como Europa do Leste e Rusia. A inmensa maioría chegan por vía aérea, durante os meses estivais, e fano a través de viaxes organizadas. Porén, na actualidade e grazas ás facilidades que ofrece Internet, cada vez é maior o número de persoas que organizan a súa propia viaxe.

Os lugares de destino son preferentemente comunidades do litoral mediterráneo, cuxo principal reclamo e o sol e a praia, e a comunidade de Madrid, que atrae a un turismo de tipo urbano e cultural. O resto de comunidades participan dunha porcentaxe turística discreta, pero crecente.

As boas condicións climáticas dalgúns lugares do Estado, convertéronos no lugar elixido por persoas xubiladas de países do Norte de Europa, que fixaron a súa residencia na costa mediterránea, preferentemente na Costa do Sol. Ademais, algúns estranxeiros, grazas ás novas tecnoloxías da información e da comunicación, poden vivir en España e traballar no seu país; por exemplo, viven en Mallorca e viven en Alemaña.

O turismo é unha actividade moi importante para a economía española, e del dependen, directa ou indirectamente, boa parte dos empregos existentes nas zonas turísticas máis dinámicas. Pero, tal e como acontece con todo tipo de actividades, tamén xera algúns problemas específicos que esixen a aplicación de políticas públicas para a súa solución.

Nalgúns casos trátase de problemas comúns ao sector no seu conxunto:

- inestabilidade asociada á evolución da economía internacional: aumenta en períodos de crecemento económico, pero descende en períodos de crise ou inseguridade internacional.

- Crecente competencia doutros destinos turísticos, en especial dos de sol e praia de baixo custe.

- Estacionalidade.

- Dificultade de creación de emprego estable fronte ao de tempada, e ao mesmo tempo déficit de servizos durante o período de máxima afluencia de turistas.

Tamén aparecen problemas localizados nas áreas de maior densidade turística:

- Ocupación intensa da liña de costa por urbanizacións, hoteis, apartamentos, etc. Por iso foron necesarias restricións legais para frear o proceso como a Lei de Costas de 1988.

- Modificouse a dinámica litoral pola proliferación de espigóns, muelles e diques en portos deportivos, ou barreiras arquitectónicas, que xeran efectos moi negativos de erosión nos areais e dunas costeiras.

- Xeráronse conflitos polo uso do solo e da auga con outras actividades (agrarias, industriais, etc.), así como problemas de contaminación mariña por un insuficiente tratamento dos verquidos.

- Nalgúns lugares producíronse destrucións de paisaxes singulares e a súa substitución por outros banais e estandarizados, que resultan moio parecidos aínda que estean en lugares moi afastados entre si.